



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tif: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DE DATA 9 DE OUTUBRO DE 2017.

ASISTENTES

GRUPO POLITICO

ALCALDESA, que preside:

D^a M^a Lourdes Ucha Varela PP

CONCELLEIROS:

D. José Ramón Gondar Pintos PP

D. Ramón Tilve Castro PP

D^a. Milagros Pérez Gándara PP

D^a M^a Pilar González Dopazo PP

D. José Manuel Méndez Lázaro PP

D^a. Rosalina Lima Prado PP

D. José Manuel Ásperez Montes MI

D. Antonio Rial Lastres MI

D. José Varela Budelo MI

D^a M^a del Pilar Prado González MI

D. Icíja García Fernández PSdeG-PSOE

D. Manuel Radio Oubiña PSdeG-PSOE

SECRETARIA:

D^a M^a Teresa Escudero Barral

No Salón de Sesións da Casa Consistorial de Meaño, ás 20:00 horas do día 9 de outubro de 2017, reúnese, previa convocatoria, o Pleno da Corporación en sesión ordinaria, coa asistencia dos Sres/as concelleiros/as que se relacionan na marxe.

A tódolos asistentes fíxoselles chegar copia da orde do día, cos asuntos a tratar, poñéndose a súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente.

Concorrendo o quorum necesario, declárase validamente constituída a sesión.

Aberta a sesión, pásase seguidamente ao exame dos puntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 14 DE AGOSTO DE 2017.

Dáse conta do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á sesión ordinaria de data 14 de agosto de 2017 preguntando se algún membro da Corporación desexa formular observacións ou rectificacións á mesma.

Non formulándose ningunha queda aprobada por unanimidade dos trece membros.

2.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DA CONTA XERAL DO CONCELLO DE MEAÑO CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2016.

A Sra. presidenta dá conta, someramente, aos membros da Corporación da Conta Xeral do Concello Meaño correspondente ao exercicio económico 2016, formada pola secretaria-interventora do Concello, ó abeiro do artigo 208 e ss. do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que posta en coñecemento dos membros da Comisión Especial de Contas, ao abeiro do artigo do artigo 212.2 e ss. do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e artigo 212 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de



M.F.F. P. 86.02.000-A - Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MU 2004/40





CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tif: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemearno@concellodemearno.com · Web: www.concellodemearno.com

Administración Local de Galicia foi informada favorablemente pola Comisión Especial de Contas con data 17 de xullo de 2017 e estivo exposta ao público, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 144 de data 28 de xullo de 2017, no Taboleiro de edictos e na páxina Web do Concello polo período dos quince días hábiles comprendidos entre os días 31 de xullo e 21 de agosto de 2017, sen que se presentasen reclamacións a mesma neste período nin nos oito máis posteriores; someténdoa, conforme dispón o artigo 212.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, en concordancia coa Regra 49.3 da Instrucción do modelo normal de contabilidade local, aprobada pola OM HAP/1781/2013, do 20 de setembro, á consideración do Pleno da Corporación para a súa aprobación, si procede, e posterior remisión ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Contas do Estado, ao abeiro do artigo 212.5 do R.D.Lvo. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Sometido o asunto a deliberación toma a palabra a voceira do Grupo Municipal PSdeG-PSOE a Sra. García Fernández, quen sinala que, en coherencia coa opinión que veñen mantendo sobre a maneira de como se elaboran os orzamentos, que ano tras ano precisan de modificacións de crédito porque as partidas se dotan insuficientemente, o que levou a que no exercicio 2016 se incumprira a regra de gasto, o seu grupo non votará en contra pero se vai abster .

Pola súa parte o voceiro do Grupo Municipal Agrupación de Electores Meaño Independiente o Sr. Ásperez Montes sinala que se reitera o sinalado pola Sra. García Fernández, engadindo que ademáis desinten no importe da cifra de superavit acadado e da maneira en como se elaboran os orzamentos, polo que o seu grupo non se oporá por responsabilidade porque certos investimentos son necesarios pero absterase.

Rematadas as intervencións e sometido o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, con seis abstencións dos membros dos Grupos Municipais MI e do PSdeG-PSOE e por sete votos a favor dos membros do Grupo Municipal do PP; acorda:

1º Aproba-la Conta Xeral do Concello de Meaño correspondente ao exercicio económico 2016, có resumo que de seguido se expresa:

Balance.

O seu resumo é:

ACTIVO	
A) Activo non corrente	20.008,704,31
I. Inmovilizado intanxible	12.505,35
II. Inmovilizado material	19.996.198,96
B) Activo corrente	3.152.996,01
III. Debedores e outras contas a cobrar a curto prazo	271.672,56
VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	2.881.323,45



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

TOTAL ACTIVO (A+B)	23.161.700,32
--------------------	---------------

PASIVO	
A) Patrimonio neto	22.684.575,94
I. Patrimonio	7.574.546,68
II. Patrimonio xenerado	14.687.164,99
IV. Subvenciones recibidas pendentes de imputar a resultados	893.325,21
B) Pasivo non corrente	145.125,55
II. Débedas a largo prazo	145.125,55
C) Pasivo corrente	331.998,83
II. Débedas a curto prazo	59.136,88
IV. Acredores e outras contas a pagar a curto prazo	272.861,95
TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A+B+C)	23.161.700,32

Conta de Resultados Económico-Patrimonial.

O seu resumo é:

CONTA DO RESULTADO ECONÓMICO PATRIMONIAL	
1. Ingresos tributarios e urbanísticos	1.636.974,43
2. Transferencias e subvencións recibidas	1.963.993,94
3. vendas e prestación de servizos	62.519,23
4. Var. De exist. De productos terminados e en curso de fabricación e det. valor	-1862,58
6. Outros ingresos de xestión ordinaria	17.044,25
A) TOTAL INGRESOS DE XESTIÓN ORDINARIA (1+2+3+4+6+7)	3.678.669,27
8. Gastos de persoal	-1.374.768,57
9. Transferencias e subvencións concedidas	-128.422,51
11. Outros gastos de xestión ordinaria	-983.092,07
12. Amortización do inmovilizado	-330.363,19
B) TOTAL GASTOS DE XESTIÓN ORDINARIA (8+9+11+12)	-2.816.646,34
I Resultado (aforro ou desaforto) da xestión ordinaria (A+B)	862.022,93
14. Outras partidas non ordinarias	233,86
II Resultado das operacións non financeiras (I+13+14)	862.256,79
15. Ingresos financeiros	31.068,42



Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MU 2000/1404



N.I.F.: P-36.02700-A



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

III Resultado das operacións financeiras (15+16+17+18+19+20+21)	31.068,42
IV Resultado (aforro ou desaforro) neto do exercicio (II+III)	893.325,21

Estado de cambios no Patrimonio Neto

Que informa sobre as variacións do Patrimonio do Concello, o seu detalle figura no expediente.

Estado de Fluxos de Efectivo

Que informa sobre o orixe e o destino dos movementos habidos nas partidas monetarias de activo representativas de efectivo e outros activos líquidos equivalentes, o seu detalle figura no expediente.

Estado de liquidación do Orzamento

DESCRIPCIÓN	
Dereitos recoñecidos netos	3.644.121,61
Obrigas recoñecidas netas	3.314.301,94
RESULTADO ORZAMENTARIO	329.819,67
AXUSTES	357.489,54
Créditos gastados financiados con remanente de tesourería para gastos xerais	357.489,54
Desviacións de financiamento negativas do exercicio	0,00
Desviacións de financiamento positivas do exercicio	0,00
RESULTADO PRESUPUESTARIO AXUSTADO	687.309,21

Memoria

A súa finalidade é a de completar, ampliar e explicar a información contida nos outros documentos que integran a conta anual. Así inclúe información máis ampla e detallada como a organización do Concello, as bases de presentación da conta anual, normas de recoñecemento e valoración.

Se ben a información e moito máis ampla de seguido detállase parte da información máis relevante.

Inmovilizados materiais.

Saldo inicial	19.809.921,19
Entrada o dotación	828.018,79
Aumentos	0,00
Traspasos	0,00
Saídas ou baixas	0,00
Disminucións ou traspasos	0,00
Correccións valorativas netas por deterioro do exercicio	0,00
Amortización do exercicio	641.741,02
Incremento por revalorización	0,00
Saldo final	19.996.198,96



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

Débedas con entidades financeiras

O Concello de Meaño non ten préstamos nin débedas con entidade financeiras, polo que a súa carga financeira sitúase en 0,00 €.

Débedas con Entidades Públicas por liquidacións negativas e outros

DÉBEDAS CON ENTIDADES PÚBLICAS 31-12-2016	IMPORTE
Reintegro derivado da liquidación definitiva 2008 da participación dos concellos en tributos do estado	71.880,23
Reintegro derivado da liquidación definitiva 2009 da participación dos concellos en tributos do estado	109.256,24
Reintegro derivado da liquidación definitiva 2013 da participación dos concellos en tributos do estado	0,00
	181.136,47

Das cales vencen a cuto prazo, é decir, antes do 31 de decembro de 2017, 36.227,28 € e a longo prazo 144.909,19 €.

Transferencias e subvencións recibidas

TOTAL	1.896.406,78
--------------	--------------

Transferencias e subvencións concedidas

TOTAL	128.422,51
--------------	------------

Operacións non orzamentarias de tesourería

O detalle por concepto é:

CONCEPTOS	SALDO FINAL
Debedores	5.769,02
Acredores	210.753,82
Partidas pendentes de aplicación. Ingresos	0,00
Partidas pendentes de aplicación. Gastos	0,00

Valores recibidos en depósito

Valores recibidos en depósito pendentes de devolución 31-12-2016	239.242,19
--	------------

Exercicios pechados.

Gastos:

DESCRIPCIÓN	IMPORTE
Obrigas pendentes de pagamento iniciais	146.658,54
Modificación de saldo inicial	0,00
Obrigas pagadas	146.520,53
Obrigas pendentes de pagamento a fin de exercicio	138,01

Ingresos:

DESCRIPCIÓN	IMPORTE
-------------	---------



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

Dereitos pendentes de cobro iniciais	403.888,74
Modificación de saldo inicial	0,00
Recadación	291.256,22
Dereitos pendentes de cobro a fin de exercicio	112.632,52

Exercicios posteriores.

Pon de manifesto os compromisos de gasto adquiridos durante o exercicio ou en exercicios anteriores e que serán imputables a orzamentos de exercicios futuros. O detalle é de 0,00 €.

Remanente de tesourería.

Pódese definir como a magnitude que indica a liquidez do Concello, é decir, a capacidade para facer fronte ós pagos que se teñen cos recursos dispoñible. O detalle é o seguinte:

DESCRIPCIÓN	IMPORTE
1. (+) Fondos líquidos	2.881.323,45
2. (+) Dereitos pendentes de cobro	385.905,29
3. (-) Obrigas pendentes de pago)	295.913,27
4. (+ Partidas pendentes de aplicación)	0,00
I. Remanente de tesourería total	2.971.315,47
II. Exceso de financiamento afectado	0,00
III. Saldos de dubidoso cobro	114.232,73
IV. Remanente de tesourería para gastos xerais (I-II-III)	2.857.082,74

Outra información incluída na Memoria.

Organización
Bases de presentación das contas
Normas de recoñecemento e valoración
Inmovilizado material
Inversións inmobiliarias
Activos financeiros
Transferencias, subvencións e outros ingresos e gastos
Presentación por actividades da conta do resultado económico-patrimonial
Operacións por administración de recurso por conta doutros entes públicos
Contratación administrativa. Procedementos de adxudicación
Valores recibidos en depósito
Execución de proxectos de gastos
Gastos con financiamento afectado
Indicadores
Acta de arqueo
Certificación de saldo de contas bancarias

2º/ Efectua-la rendición da Conta Xeral 2016 ao Consello de Contas de Galicia e o Tribunal de Contas do Estado, ao abeiro do artigo 212.5 do R.D.Lvo. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

3º.- PROPOSTA DE FESTIVOS LOCAIS PARA AO ANO 2018.



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tif: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

A Sra. alcaldesa-presidenta da conta do Decreto 86/2017, do 7 de setembro da Consellería Economía, Emprego e Industria, polo que se determinan as festas laborais propias da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018, correspondéndolle ao Concello propoñer dúas festas locais, inhábiles para o traballo, retribuídas e non recuperables, que serán determinadas pola Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria en cada unha das provincias da comunidade autónoma; así coma da proposta da Alcaldía, que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas, na que se sinalan como festivos locais no Concello de Meaño, de carácter retribuído e non recuperable, para o ano 2018 S. Bieito o día 11 de xullo e Sta. Lucia o día 13 de decembro.

Toma a palabra a Sra. García Fernández, quen manifesta que lle parecen razoables; sinalando pola súa parte o Sr. Ásperez Montes que son correctos e apropiados.

Rematadas as intervencións e sometido o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, aceptando o ditame proposta da Comisión Especial de Contas, por unanimidade dos trece membros; acorda:

1º.- Propoñer como festivos locais no Concello de Meaño, de carácter retribuído e non recuperable, para o ano 2018:

- S. Bieito o día 11 de xullo
- Sta. Lucia o día 13 de decembro

2º.- Dar traslado do presente acordo á Xefatura Territorial da Consellería Economía, Emprego e Industria.

4º.- DAR CONTA DA REFORMULACIÓN DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN AO ABEIRO DAS BASES E CONVOCATORIA DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2017. LIÑA 1 DE INVESTIMENTOS.

A Sra. alcaldesa-presidenta da conta aos membros da Corporación, en cumprimento da base décima Bases reguladoras e convocatoria Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos 2017), da reformulación da solicitude de subvención acordada pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 4 de setembro de 2017:

“3º.- REFORMULACIÓN DA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN AO ABEIRO DO INVESTIMENTO “REPARACIÓN PARQUES INFANTILES CONCELLO DE MEAÑO).

A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de data 30 de marzo de 2017, acordou a realización da finalidade obxecto da subvención denominada “**Reparación de parques infantís do Concello de Meaño, parque da praza do concello, parque recinto colexio de Meaño, parque Lores, parque de Paradela-Lores, parque de Seixiños-Dena, parque alameda Dena, parque de R/ Nova-Dena, mparque recinto colexio Coirón, parque do Alargo Seixiños-Dena e parque Iglesia-Simes**”, descrita na memoria valorada elaborada pola arquitecta técnica municipal, que ascende a 12.343,46 € e 2.592,12 € de IVE (total 14.935,58 €); asumindo o compromiso de cumprir as condicións para iso e solicitar para a súa realización unha subvención por importe de 14.935,58 € con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos 2017).



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemearno@concellodemearno.com · Web: www.concellodemearno.com

Dado que, segundo determina a base Oitava, Liña 1 das Bases Reguladoras do Plan de obras e Servizos (Plan Concellos) 2017, os investimentos subvencionables con cargo a esta liña poderán ser investimentos que teñan un orzamento igual ou superior a vinte mil euros.

Vista a nova memoria valorada realizada pola arquitecta técnica municipal, correspondente a “Reparación de parques infantís do Concello de Meaño, parque da praza do concello, parque recinto colexio de Meaño, parque Lores, parque de Paradela-Lores, parque de Seixiños-Dena, parque alameda Dena, parque de R/ Nova-Dena, mparque recinto colexio Coirón, parque do Alargo Seixiños-Dena e parque Iglesia-Simes ”, cun presuposto total de 21.264,22 €.

Coñecendo o contido das bases do Plan de obras e servizos (Plan Concellos 2017), a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros, acorda:

1º Realizar a finalidade obxecto da subvención denominada **“Reparación de parques infantís do Concello de Meaño, parque da praza do concello, parque recinto colexio de Meaño, parque Lores, parque de Paradela-Lores, parque de Seixiños-Dena, parque alameda Dena, parque de R/ Nova-Dena, mparque recinto colexio Coirón, parque do Alargo Seixiños-Dena e parque Iglesia-Simes ”**, descrita na memoria valorada elaborada pola arquitecta técnica municipal, que ascende a 17.573,74 € e 3.690,48 € de IVE (total 21.264,22 €); asumindo o compromiso de cumprir as condicións para iso.

2º Solicitar para a súa realización unha subvención por importe de 14.935,58 € con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos 2017), asumindo o compromiso de comunicarlle á Deputación de Pontevedra calquera modificación das circunstancias que foron tidas en conta para o outorgamento da subvención.

3º Colaborar no seu financiamento coa achega da contía de 6.328,64 €. O órgano que adopta este acordó é o competente para comprometer a achega.

4º Facer constar a plena dispoñibilidade dos terreos e instalacións para a normal execución destas actuacións por canto se trata de parques de titularidade municipal e pública.”

O Pleno queda enterado da devandita reformulación.

5º.- DAR CONTA DA ACEPTACIÓN DO RÉXIME DE DEDICACIÓNS PARCIAIS DE CARGOS DA CORPORACIÓN.

A Sra. alcaldesa-presidenta da conta aos membros da Corporación, dando cumprimento ao artigo 13.4 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, da aceptación expresa por parte das concelleiras D^a Pilar González Dopazo e D^a Milagros Pérez Gándara do réxime de dedicacións parciais, aprobadas polo Pleno da Corporación en sesión de data 14 de agosto de 2017

CONCELLERÍA	TIPO DE DEDICACIÓN	RÉXIME DE DEDICACIÓN	RETRIBUCIÓN ANUAL
Concelleira de cultura, educación, infancia, xuventude, deporte e	Parcial	14 Horas semanais	8.400,00 € (14 pagas)



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

ocupación do tempo libre. Coordinación de áreas e relacións institucionais			
Concelleira de servizos sociais e igualdade	Parcial	9 horas semanais	5.600,00 € (14 pagas)

e das atribucións especiais outorgadas, mediante Resolución da Alcaldía de data 25 de agosto de 2017 e que non inclúen a facultade de resolver mediante actos administrativos, a favor da concelleira D^a Pilar González Dopazo de coordinación en materia de cultura, educación, infancia, xuventude, deporte e ocupación do tempo libre e asistencia a Alcaldía coa coordinación de áreas e relacións e o seguimento, coordinación e impulso en materia de instalacións e a favor da concelleira D^a Milagros Pérez Gándara de equipamento sociais, asistencia social, servizos sociais da concelleira de servizos sociais e igualdade.

O Pleno queda enterado das devanditas aceptacións.

6º.- MOCIÓN DO PSdeG PSOE.

A Sra. alcaldesa cédelle a palabra á Sra. García Fernández, voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, quen da lectura ao escrito de moción presentado con data de rexistro de entrada 03-10-2017, nº 2017-E-RC-2399, no que se sinala:

“O Grupo Municipal Socialista (PsdeG-PSOE) no Concello de Meaño a través da súa voceira Icíá García Fernández e ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986) presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte **MOCIÓN, referida á modificación da Lei de Transporte**

A xestión da Xunta de Galicia sobre as rutas de transporte a viaxeiros e rutas de transporte escolar ven de provocar numerosos problemas e conflitos en moitos lugares de Galicia. De maneira tradicional, o diálogo entre as distintas administracións conformou un deseño de itinerarios, paradas e horarios que se axustaban ano a ano según o volumen de usuarios e as súas necesidades.

A Xunta de Galicia ven de intervir no funcionamento do transporte escolar de maneira errada, externalizando o deseño das rutas, limitando o diálogo coas empresas concesionarias e cos representantes das administracións máis próximas aos cidadáns, como son os Concellos ou a Deputación Provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte. Froito disto, as novas rutas presentan problemas de execución, non podendo cumprir as condicións de paradas e horarios establecidos en moitos dos casos.

No Concello de Meaño, a Xunta modificou a liña con destino a Pontevedra, a máis utilizada no concello. Con esa reforma, un gran número de veciños vense afectados, xa que este autobús tan só da servizo aos veciños de Meaño, Lores e Simes, quedando as demais parroquias sen ningunha parada.

A antiga liña de Villalonga e realizaba o seguinte percorrido polo noso concello: Hotel Riamar, Mecadena, avenida de Galicia (semáforos de Dena), Coirón, entrada de Ganón, lavado de engrase Suárez, empalme de Xil, Pazo, Picón, Igrexa de Xil, Valdamor, Casa Rodiño, Concello, Galiñans, Vilaríño, Igrexa de Simes e cementerio de Simes.

A raíz desta modificación da liña, eliminaríase a metade do percorrido mencionado, iniciándose a ruta no centro de Meaño, quedando os veciños de Dena e Xil sen un autobús que os traslade á cidade de Pontevedra.



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tif: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

Ademáis, existe un gran número de estudantes no noso concello que teñen o seu centro escolar de ensinanza non obrigatoria en Pontevedra e que utilizan diariamente esta liña. Con esta modificación proposta pola Xunta quedaría sen este servizo.

No caso de Dena, só tería servizo para as dirección de O Grove, Vilagarcía de Arousa e o servizo de convivencia que saíria do IES Meaño e o CEIP Coirón, que pasaría pola parroquia de Padrenda, concretamente por Cristimil e acabaría en Baiuca.

En cambio Xil tan só tería o servizo de convivencia de transporte de viaxeiros ordinario e de transporte escolar, con destino ao I.E.S. de Vilalonga.

O problema dos usuarios desde servizo non radica soamente na eliminación de paradas ou restructuración das liñas, senon nos horarios destas, xa que son moi restrictivos e ineficaces.

Sería recomendable ter a capacidade de modificar os itinerarios, paradas e horarios, recurrido ao diálogo que faltou a inicio do deseño das novas condicións e tendo en conta para elo á administración local e provincial responsables.

De acordo con todo o anterior, sométese a consideración do Pleno da Corporación á aprobación seguinte:

1. Instar á Xunta de Galicia a realizar un informe do estado dos itinerarios, rutas e honorarios establecidos que afecten á poboación escolar e transporte de viaxeiros de Meaño, así como unha avaliación do cumprimento desas condicións.
2. Que o Concello de Meaño facilite copia do informe solicitado aos grupos municipais que compoñen o Pleno Municipal.
3. Que o Concello de Meaño medie ante a Dirección Xeral correspondente e a Delegación Provincial da Consellería de Transportes, para facilitar e garantir que os veciños e veciñas de Meaño teñen acceso ao transporte de viaxeiros e transporte escolar necesario nas mellores condicións posibles.

En Meaño, a 2 de outubro de 2017"

Engade a Sra. García Fernández que o deseño das rutas é un tema moi enquistado e xa ao inicio da lexislatura o seu grupo presentou unha moción solicitando que se mellorará o servizo que se estaba a prestar neste termo municipal en canto a rutas e horarios que nos últimos anos se veu mermando e que co novo proceso de integración das distintas modalidades de transporte público da Xunta de Galicia no marco da planificación para a elaboración do Plan de transporte público de Galicia empeorou, suprimíndose rutas e horarios e afectando a este municipio segundo se sinala no corpo desta moción; polo que tamén propón que se solicite o restablecemento da liña desde Dena a Pontevedra.

Toma a palabra o Sr. Ásperez Montes, voceiro do Grupo Municipal IM, quen sinala que o seu grupo se amosa a favor da moción porque non se está para perder servizos.

Toma a palabra a Sra. alcaldesa quen sinala que o grupo de goberno tamén apoiará a proposta de acordo contida na moción e puntualizaría que á solicitude de restablecemento da liña de autobús que partía ás 7:00 horas de Villalonga por Dena-Xil-Meaño e Simes, se inclúa unha modificación respecto ao horario de volta por considerar como máis axeitado ás necesidades dos veciños, especialmente aos estudantes que son os principais usuarios e afectados, ás 15:00 e ás 20:00 horas en vez



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tif: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

de ás 12:00 como estaba establecido.

Rematadas as intervencións e sometido o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, aceptando o ditame proposta da Comisión Especial de Contas, por unanimidade dos trece membros; acorda:

1º.- Instar á Xunta de Galicia a realizar un informe do estado dos itinerarios, rutas e honorarios establecidos que afecten á poboación escolar e transporte de viaxeiros de Meaño, así como unha avaliación do cumprimento desas condicións.

2º.- Facilitar copia do informe solicitado aos grupos municipais que compoñen a Corporación Municipal.

3º.- Mediar ante a Subdirección Xeral de Ordenación do Transporte e a Delegación Provincial da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, para facilitar e garantir que os veciños e veciñas de Meaño teñan acceso ao transporte de viaxeiros e transporte escolar necesario nas mellores condicións posibles.

4º Solicitar o restablecemento da liña de autobús que partía ás 7:00 horas de Villalonga por Dena-Xil-Meaño e Simes e con volta ás 15:00 e 20:00 horas.

7º.- ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE REFERIDA Ó ASENTAMENTO DA VESPA VELUTINA.

A Sra. alcaldesa cédelle a palabra á Sra. García Fernández, voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, quen da lectura ao escrito presentado con data de rexistro de entrada 03-10-2017, nº 2017-E-RC-2398, no que se sinala:

“O Grupo Municipal Socialista (PsdeG-PSOE) no Concello de Meaño a través da súa voceira Icí García Fernández e ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986) presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte **MOCIÓN, referida ao asentamento da vespa velutina.**

A situación provocada nos últimos anos polo asentamento definitivo da vespa velutina en Galicia está a coller uns niveis alarmantes que afectan de xeito notable ás expectativas da fauna local, froitos e, principalmente, na poboación de abellas melíferas.

Dende os anos 2012-2013, empezou a detectarse en Galicia a presenza desta especie foránea. Dada a súa capacidade de adaptación e expansión, fixo o seu asentamento rápido na natureza dos concellos costeiros.

As características deste insecto, substanciadas nun gran tamaño e a agresividade, convértena nunha depredadora, causando unha redución nas colmeas galegas de vespas autóctonas coa conseguinte alarma entre os apicultores galegos, e que pon en perigo a súa actividade socioeconómica.

A pesar dos programas de localización e retirada de niños, estes téñense amosado como insuficientes, dadas as características reprodutoras desta especie invasora. Independentemente destas accións puntuais, parece evidente que as solucións para controlar e estabilizar as poboacións de velutina



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

pasa pola investigación desta especie.

As condicións climatolóxicas deste inverno-primaveira de 2017 están a ser especialmente favorables para a súa expansión. A ausencia de frío non reduciu a actividade de moitos niños de velutina nin o número de raínas procreadoras como viña sucedendo nos anos anteriores, polo cal os apicultores están temendo un repunte da actividade de velutina.

No concello de Meaño, estamos a ver que o asentamento da vespa velutina é palpable, posto que xa se atoparon niños en hortas, fincas, en árbores froiteiras,... sendo un perigo constante para os veciños desta localidade.

Na maioría dos casos, os meañeses e meañasas non saben como actuar nin, por conseguinte, a quen dirixirse para subsanar este problema. É, polo tanto, necesario ter unhas indicacións básicas para que saiban como proceder.

Ao mesmo tempo, cómpre ter en conta que debemos saber como son os comportamentos e características da velutina como para atopar as fórmulas adecuadas coas que combatela. Por iso, todo elo implica unha labor de divulgación que debe ir desde os centros de ensino ata á poboación en xeral.

De acordo con todo o anterior, sómese á consideración do Pleno da Corporación á aprobación seguinte:

- 1. Crear unha partida no presuposto de 2018 onde se teñan en conta os seguintes puntos:**
 - 1.1 Desenvolver un programa de divulgación sobre a praga para a poboación do concello de Meaño, ademais dun programa específico para os centros de ensino.**
 - 1.2 Buscar medidas preventivas na primaveira para a máxima captura de raínas.**

En Meaño, a 2 de outubro de 2017"

Engade a Sra. García Fernández que o que nesta sesión se trata como escrito foi tratado como moción polo Pleno do Concello de Vilanova. Nos concellos limítrofes foi tratado por unanimidade como moción, puntualizando que o seu grupo segue a pensar que é unha moción; en calquera caso solicitan que no Orzamento 2018 se contemple crédito para desenvolver un programa de divulgación sobre esta praga para os veciños/as do termo municipal e nos centros de ensino e para adoptar medidas preventivas que permitan controlar esta praga.

Toma a palabra o Sr. Ásperz Montes, quen sinala que o problema está ahí e se lle debe prestar atención.

Toma a palabra a Sra. alcaldesa quen sinala que o acordo plantexado formula unha proposta de actuacións dirixida ao equipo de goberno. Engadindo que non sabe a preocupación que existe nos concellos limítrofes por este problema pero no Concello de Meaño neste ano xa se levaron a cabo diversas actuacións para tratar de coñecer e frear esta praga, así realizáronse charlas, adquiriuse material que se distribuíu entre os apicultores e interesados que o solicitaron para capturar as raínas na época en que os especialistas indicaron que saín do niño, participase na retirada coa comunicación inmediata no intre que se ten coñecemento da existencia de niños á Consellería de Medio Rural para que proceda a retiradalos xa que conta con equipos especializados; tendo previsto no 2018 ampliar as actuacións e seguir traballando da man de profesionais que coñezan esta praga e como minorala porque todo indica que se trata dunha praga que veu para quedarse, polo que a preocupación neste Concello non



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

xurde agora senón que xa se ven traballando neste problema e no 2018 se seguirá traballando.

Insiste a Sra. García Fenández en que se teña en conta a proposta formulada polo seu grupo.

8º.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Aos efectos do control e fiscalización da xestión dos órganos de goberno a que se refire o artigo 22.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, dáse conta ao Pleno das resolucións adoptadas pola Presidencia, no período comprendido entre o día 16 de agosto de 2017 a 9 de outubro de 2017, números 2017-0068 a 2017-0197, sobre diversas materias:

Resolucións da Alcaldía 15-08-2017 a 09-10-2017

"nome"; "data"; "resumo"; "Estado"

"2017-0197"; "9/10/17"; "Delegacion da Alcaldía de celebracion de boda no 1º Tenente de Alcalde para o día 14-10-2017"

"2017-0196"; "6/10/17"; "Alta por nacemento no PMH"; "432/2017"

"2017-0195"; "6/10/17"; "Resoluciones de pago"; "128/2017"

"2017-0194 "; "6/10/17"; "CONTRATAACION DE PERSOAL EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL AO ABEIRO DA ORDE DO 09-05-2017"

"2017-0193 "; "5/10/17"; "Resolucion de aprobacion de facturas de outubro."

"2017-0192 "; "4/10/17"; "CONVOCATORIA ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DE OUTUBRO"

"2017-0191; "4/10/17"; "CONVOCATORIA PLENO DA CORPORACION ORDINARIA MES DE OUTUBRO"; "cancelado"

"2017-0190; "3/10/17"; "Resoluciones de pago"

"2017-0189 "; "3/10/17"; "RESOLUCIÓN CRITERIOS SELECCIÓN E NOMEAMENTO TRIBUNAL RISGA"

"2017-0188 "; "2/10/17"; "LISTA DEFINITIVA BOLSA DE EMPREGO LIMPADORA ENCARGADA, CONSTITUCION DO TRIBUNAL E CELEBRACION DO PRIMEIRO EXERCICIO"

"2017-0187"; "2/10/17"; "CONTRATACIÓN DE PERSOAL DA ESCOLA DE MUSICA 2017"

"2017-0186"2/10/17"; "Alta no PMH"

"2017-0185 "; "2/10/17"; "Alta no PMH"

"2017-0184 "; "2/10/17"; "Alta no PMH"

"2017-0183"; "2/10/17"; "RESOLUCIÓN APROBACIÓN INCREMENTO 1% LEI 3/2017"

"2017-0182; "2/10/17"; "Resoluciones de pago"; "cancelado"

"2017-0181"; "2/10/17"; "Resoluciones de pago"; "404/2017"; "Aprobación de Nóminas"

"2017-0180"; "29/09/17"; "RESOLUCIÓN CONCESION GRATIFICACIÓNS PRODUCTIVIDADE SETEMBRO"

"2017-0179"; "29/09/17"; "Inicio de expediente de orde de execución a Apolinar Lobato por incumprimento da Ordenanza de Limpeza de Terreos na faixa lateral de camiños de titularidade municipal"



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

"2017-0178";"29/09/17";"Alta por cambio de residencia"

"2017-0177";"29/09/17";"Alta no PMH"

"2017-0176";"29/09/17";"Alta no PMH"

"2017-0175";"29/09/17";"Resolución da Convocatoria da XGL de data 02-10-2017"

"2017-0174 ";"29/09/17";"Alta no PMH";"340/2017";"Alta no Padrón Municipal de Habitantes"

"2017-0173 ";"29/09/17";"Alta no PMH";"340/2017";"Alta no Padrón Municipal de Habitantes"

"2017-0172";"29/09/17";"Resolución pagos setembro 4"

2017-0171];"28/09/17";"Corrección de erros execución do investimento mellora da iluminación ornamental no entorno da Igrexa S. Benito";

"2017-0170";"28/09/17";"Alta no padron municipal de habitantes"

"2017-0169 [Resolucion alta no PMH procedente de Pontevedra de Maria Luz Ruadas Rodriño]";"28/09/17 ";"Alta padron municipal habitantes";"338/2017";"Alta no Padrón Municipal de Habitantes";"subscricións completa"

"2017-0168";"28/09/17";"EXECUCIÓN DO INVESTIMENTO MELLORA DA ILUMINACIÓN ORNAMENTAL NO ENTORNO DA IGREXA DE S. BENITO"

"2017-0167";"27/09/17";"APROBACIÓN EXPEDIENTE XERACION DE CREDITO 4/2017"

" 2017-0166 ";"27/09/17";"APROBACION DO PROXECTO TECNICO MELLORA DO ENTORNO DA FONTE DE S. XOAN-MEAÑO, SOUTO-LORES E LAVADOIRO-XIL";"

" 2017-0165";"27/09/17";"APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE XERACION DE CRÉDITO 3/2017"

"2017-0164";"27/09/17";"APROBACIÓN PROXECTO TÉCNICO DA OBRA CONSTRUCIÓN DE BEIRARRÚAS EN PICÓN (XIL) E RÚA DOS COLEXIOS (DENA)"

" 2017-0163 ";"26/09/17";"APROBACIÓN PROXECTO TÉCNICO DA OBRA REPOSICIÓN EN COIRÓN E ALTAMIRA"

" 2017-0162";"26/09/17";"RESOLUCIÓN ALCALDIA LISTA ASPIRANTES ADMITIDOS DIRECCION ESCOLA MUSICA"

"2017-0161";"26/09/17 10:51";"Autorización para a tirada de fogos de artificio con motivo da festividade de San Miguel de Lores."

"2017-0160";"26/09/17";"Autorización para a tirada de fogos de artificio con motivo da celebración dunhas vodas de ouro na igrexa de Simes."

"2017-0159";"25/09/17";"RESOLUCIÓN DE INICIO DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN REPARACIÓN PARQUES INFANTILES CONCELLO DE MEAÑO"

"2017-0158 ";"22/09/17";"DESIGNACION DE REPRESENTANTES PARA A COMPROBACIÓN E RECEPCION DE MINIPALA CARGADORA BARREDORA"

"2017-0157 ";"22/09/17";"APROBACION PLAN SEGURIDADE DA OBRA REHABILITACIÓN E HUMANIZACION DE AREA RECREATIVA OUTEIRO-COVAS"

"2017-0156";"22/09/17";"APROBACION PLAN DE SEGURIDADE DA OBRA REFORMA DE PONTON SOBRE VIAL MUNICIPAL EN RIAL"

"2017-0155";"22/09/17 ";"Aprobación Plan de seguridade da obra REFORMA DE PONTON SOBRE VIAL MUNICIPAL EN GANON CACHADA"

"2017-0154";"22/09/17";"Aprobación do Convenio de Colaboración entre a Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia e o Concello de Meaño para a Mellora da rede de saneamento no lugar de Lores, Concello de Meaño"



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

"2017-0153";"22/09/17";"CORRECCION DE ERROS RESOLUCIÓN DE EXECUCIÓN DO INVESTIMENTO MELLORA NO ALUMEADO PUBLICO DO PARQUE EMPRESARIAL DE A PEDREIRA"

"2017-0152";"21/09/17";"Denegacion alta no padron"

"2017-0151";"21/09/17";"Inicio de expediente de orde de execución a Herdeiros de Adonis Rosal por incumprimento da Ordenanza de Limpeza de Terreos na faixa lateral de camiños de titularidade municipal."

"2017-0150";"21/09/17";"Inicio de expediente de orde de execución a Herdeiros de José Balboa por incumprimento da Ordenanza de Limpeza de Terreos na faixa lateral de camiños de titularidade municipal."

"2017-0149";"21/09/17";"RESOLUCION PAGOS SETEMBRO 3"

"2017-0148";"20/09/17";"ELEVAR A DEFINITIVO ACORDO PROVISORIO"

"2017-0147 ";"20/09/17";"Inicio de expediente de orde de execución a Manuela Lago por incumprimento da Ordenanza de Limpeza de Terreos na faixa lateral de camiños de titularidade municipal."

"2017-0146 ";"20/09/17";"Inicio de expediente de orde de execución a Víctor Manuel Conde por incumprimento da Ordenanza de Limpeza de Terreos na faixa lateral de camiños de titularidade municipal."

"2017-0145 ";"20/09/17";"Inicio de expediente de orde de execución a Mª Dolores Casal por incumprimento da Ordenanza de Limpeza de Terreos na faixa lateral de camiños de titularidade municipal."

"2017-0144 ";"18/09/17";"Inicio de expediente de orde de execución a Carballal Construcciones por incumprimento da Ordenanza de Limpeza de Terreos na faixa lateral de camiños de titularidade municipal."

"2017-0143";"18/09/17";"Inicio de expediente de orde de execución a Herdeiros de Benedicto Meis por incumprimento da Ordenanza de Limpeza de Terreos na faixa lateral de camiños de titularidade municipal."

"2017-0142 ";"18/09/17";"Inicio de expediente de orde de execución a Purificación Troncoso por incumprimento da Ordenanza de Limpeza de Terreos na faixa lateral de camiños de titularidade municipal."

" 2017-0141 ";"18/09/17";"Inicio de expediente de orde de execución a Manuel Dopazo por incumprimento da Ordenanza de Limpeza de Terreos na faixa lateral de camiños de titularidade municipal."

"2017-0140";"15/09/17 15:05";"Autorización festas As Angustias"

"2017-0139 ";"15/09/17 14:07";"ADXUDICACION DA EXECUCIÓN DA MELLORA NO ALUMEADO PÚBLICO DO PARQUE EMPRESARIAL DE A PEDREIRA"

" 2017-0138 ";"15/09/17";"Inicio de expediente de orde de execución a Mª Dolores Arosa por incumprimento da Ordenanza de Limpeza de Terreos."

"2017-0137 ";"15/09/17";"Inicio de expediente de orde de execución a Cándido Agis por incumprimento da Ordenanza de Limpeza de Terreos."

" 2017-0136 ";"15/09/17";"Inicio de expediente de orde de execución a Rosalía Méndez por incumprimento da Ordenanza de Limpeza de Terreos."

"2017-0135 ";"14/09/17";"Inicio de expediente de orde de execución a Herdeiros de Gerardo Barcala por incumprimento da Ordenanza de Limpeza de Terreos."

"2017-0134";"13/09/17";"MODIFICACION CONVOCATORIA RESOLUCION XGL DATA 14-09-17";"204/2017"

"2017-0133 ";"13/09/17";"Solicitude de tirada de fogos con motivo da Festa das Angustias en Xil,"

"2017-0132 ";"13/09/17";"Resolucion convocatoria xgl extraordinaria urxente 13-09-2017"



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

"2017-0131";"12/09/17";"Resolucion denegacion alta padron"

"2017-0130 ";"12/09/17";"Inicio de expediente de orde de execución a Amancio Padín por incumprimento da Ordenanza de Limpeza de Terreos na faixa lateral de camiños de titularidade municipal."

"2017-0129 ";"12/09/17";"Inicio de expediente de orde de execución a Francisco Barreiro por incumprimento da Ordenanza de Limpeza de Terreos na faixa lateral de camiños de titularidade municipal."

"2017-0128 ";"12/09/17";"Inicio de expediente de orde de execución a Mª Dolores Domínguez por incumprimento da Ordenanza de Limpeza de Terreos na faixa lateral de camiños de titularidade municipal."

"2017-0127 ";"12/09/17 ";"Inicio de expediente de orde de execución a Manuel David Padín por incumprimento da Ordenanza de Limpeza de Terreos na faixa lateral de camiños de titularidade municipal."

" 2017-0126 ";"12/09/17 ";"Inicio de expediente de orde de execución a Mª Luisa Otero por incumprimento da Ordenanza de Limpeza de Terreos na faixa lateral de camiños de titularidade municipal."

"2017-0125 ";"12/09/17";"Inicio de expediente de orde de execución a Dolores Laredo por incumprimento da Ordenanza de Limpeza de Terreos na faixa lateral de camiños de titularidade municipal."

"2017-0124";"12/09/17 9:23";"Inicio de expediente de orde de execución a Celso López por incumprimento da Ordenanza de Limpeza de Terreos na faixa lateral de camiños de titularidade municipal."

"2017-0123 ";"11/09/17 ";"Resolucion de alta no padron por cambio de residencia de Jesus Javier C.P."

"2017-0122";"11/09/17 ";"Resolucion alta por cambio residencia de Claudio L.S."

"2017-0121";"11/09/17";"Resolucion de alta no padron por cambio de residencia de Eva C.T."

"2017-0120 ";"11/09/17";"Resolucion de alta no padron por cambio de residencia de Alicia C.C."

"2017-0119 ";"8/09/17";"Alta por nacemento de Alejandro V.C."

"2017-0118 ";"8/09/17";"Alta por cambio de residencia no PMH de Daniel M.M."

"2017-0117";"8/09/17";"CONTRATACION COIDADORAS AULA ACOLLIDA E COMEDOR ESCOLAR 2017";

"2017-0116";"8/09/17";"CONTRATACION ACTUACIÓN MUSICAL ORQUESTA PASARELA"

"2017-0115 ";"7/09/17 ";"Resoluciones de pago";"128/2017";"Autorización del Gasto"

"2017-0114 ";"7/09/17 ";"PAGOS SETEMBRO 2";"128/2017";"Autorización del Gasto"

"2017-0113 ";"7/09/17 ";"LISTA DEFINITIVA ASPIRANTES ADMITIDOS E EXCLUIDOS PARA A CONTRATACION DE PROFESORES ESCOL MUNICIPAL DE MUSICA CURSO 2017-2018"

"2017-0112";"7/09/17 ";"LISTA DEFINITIVA DE ASPIRANTES ADMITIDOS E EXCLUÍDOS MONITOR ACTIVIDADES FÍSICAS 2017-2018"

"2017-0111";"6/09/17";"LISTA PROVISIONAL ADMITIDOS E EXCLUIDOS BOLSA DE EMPREGO PARA LIMPADOR/A-ENCARGADO/A"

"2017-0110 "6/09/17 ";"Resolución negativa para unha tirada de fogos con motivo dun enlace na Bodega Vionta."

"2017-0109";"5/09/17 ";"APROBACIÓN DA DOCUMENTACIÓN DA DOCUEMENTACION TÉCNICA REPARACIÓN E MELLORA DOS PARQUES INFANTIS DO CONCELLO DE MEAÑO"



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

"2017-0108";"5/09/17";"APROBACION DE PROXECTO TECNICO MELLORA E PAVIMENTACIÓN NOS CAMIÑOS MUNCIPAIS DE OUTEIRO, PICÓN E CANLE"

" 2017-0107 ";"5/09/17 ";"Inicio de expediente de orde de execución a Divina Dopazo por incumprimento da Ordenanza de Limpeza de Terreos na faixa lateral de camiños de titularidade municipal."

"2017-0106 ";"5/09/17";"Inicio de expediente de orde de execución a Jacinto Vidal por incumprimento da Ordenanza de Limpeza de Terreos na faixa lateral de camiños de titularidade municipal."

"2017-0105 ";"5/09/17 ";"Inicio de expediente de orde de execución a Ana Dasilva por incumprimento da Ordenanza de Limpeza de Terreos na faixa lateral de camiños de titularidade municipal."

"2017-0104 ";"5/09/17 "Inicio de expediente de orde de execución a Manuel Álvarez por incumprimento da Ordenanza de Limpeza de Terreos na faixa lateral de camiños de titularidade municipal."

"2017-0103";"5/09/17";"Inicio de expediente de orde de execución a Herdeiros de Manuel Lores por incumprimento da Ordenanza de Limpeza de Terreos."

"2017-0102 [RESOLUCION DE CONTRATACION DE ASISTENCIA LETRADA]";"5/09/17 ";"CONTRATACION ASISTENCIA LETRADA PROCEDEMENTO ORDINARIO 222/2017"

"2017-0101";"5/09/17";"Alta por nacemento de Alejandro V.C";"305/2017"

"2017-0100";"5/09/17";"Alta por cambio de residencia"

"2017-0099";"5/09/17" "Alta no Padrón Municipal de Habitantes"

"2017-0098 ";"4/09/17";"EXECUCION REFORMA DE PONTÓN SOBRE VIAL MUNICIPAL EN RIAL"

"2017-0097";"4/09/17";"Inicio de expediente de orde de execución a Luciano Otero Álvarez por incumprimento da Ordenanza de Limpeza de Terreos."

"2017-0096";"4/09/17";"Inicio de expediente de orde de execución a Carmen Feijoo Álvarez por incumprimento da Ordenanza de Limpeza de Terreos."

"2017-0095 ";"1/09/17";"CONTRACIÓN LIMPIADORAS E MESTRE E TECNICA ESCOLA INFANTIL";"302/2017"

"2017-0094 ";"1/09/17";"CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 04/09/2017.";

"2017-0093";"1/09/17";"RESOLUCION PAGOS SETEMBRO"

"2017-0092";"1/09/17";"Resolucion pagos setembro"

"2017-0091";"1/09/17";"Resoluciones de pago nóminas"

"2017-0090 ";"31/08/17";"Inicio de expediente de orde de execución a José Touriño Camiña por incumprimento da Ordenanza de Limpeza de Terreos"

"2017-0089 ";"31/08/17";"Denuncia entre particulares por incumprimento da Ordenanza de Limpeza de Terreos"

"2017-0088";"31/08/17";"Denuncia entre particulares por incumprimento da Ordenanza de Limpeza de Terreos."

"2017-0087 ";"31/08/17";"Denuncia entre particulares por incumprimento da Ordenanza de Limpeza de Terreos"

"2017-0086 ";"31/08/17";"Denuncia entre particulares por incumprimento da Ordenanza de Limpeza de Terreos."

"2017-0085";"30/08/17";"CONVOCATORIA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL"

"2017-0084"29/08/17";"Resolucion Orden e Transferencia Pagos Agosto 2."





CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

"2017-0083 "; "29/08/17"; "Alta PMH por nacemento de Uxia C.R."; "284/2017"
"2017-0082"; "29/08/17"; "APROBACION EXPEDIENTE DE CONTRATACION DA MELLORA NO ALUMEADO PÚBLICO DO PARQUE EMPRESARIAL DE A PEDREIRA"
"2017-0081 "; "29/08/17"; "RELACION APROBACION PAGOS AGOSTO 2"
"2017-0080 "; "29/08/17"; "Alta por nacemento Valentina Chaves Garrido"
"2017-0079 "; "28/08/17"; "Alta no PMH por nacemento Y. N."
"2017-0078"; "28/08/17 "; "INICIACION DO EXPEDIENTE DE CONTRATACION DE MELLORA NO ALUMEADO PÚBLICO DO PARQUE EMPRESARIAL DE A PEDREIRA"
"2017-0077"; "28/08/17"; "Orde de pago a xustificar correspondente ás entradas ao Aquapark de Cerceda con motivo da excursión de fin de actividades de verán"
"2017-0076"; "25/08/17 14:57"; "NOMEAMENTO FUNCIONARIA INTERINA"
"2017-0075" 25/08/17 13:55"; "APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE XERACION DE CREDITO 2/2017"
"2017-0074 "; "25/08/17 "; "Resolución negativa para unha solicitude de tirada de fogos na Bodega Vionta fora de prazo."
"2017-0073"; "25/08/17 "; "Inicio de expediente de incumprimento da ordenanza de limpeza en viais de titularidade do Concello."
"2017-0072"; "25/08/17 "; "Inicio de expediente de incumprimento da ordenanza de limpeza en viais de titularidade do Concello."
"2017-0071 "; "25/08/17"; "Inicio de expediente de incumprimento da ordenanza de limpeza en viais de titularidade do Concello"
"2017-0070"; "25/08/17"; "DELEGACIÓN DE ATRIBUCIÓN DA ALCALDÍA"
"2017-0069"; "22/08/17 "; "LISTA DEFINITIVA ASPIRANTES ADMITIDOS E EXCLUÍDOS TÉCNICO SUPERIOR EDUCACION INFANTIL CURSO 2017-2018"
"2017-0068"; "22/08/17 "; "LISTA DEFINITIVA ASPIRANTES ADMITIDOS E EXCLUIDOS CONTRATACION MESTRE EDUCACION INFANTIL CURSO 2017 - 2018".

O Pleno queda enterado das resolucións ditadas pola Alcaldía no período comprendido entre o día 16 de agosto de 2017 e o día 9 de outubro de 2017.

9º.- ROGOS E PREGUNTAS.

A Sra. alcaldesa cédelle a palabra aos membros da Corporación para que formulen os seus rogos e preguntatas, formulándose as seguintes:

* Sr. Ásperz Montes:

- **ROGO** que formulan Dona Icíá García Fernández, voceira do PSdeG-PSOE do Concello de Meaño e José Manuel Ásperz Montes, voceiro de Meaño Independiente, ó abeiro do disposto no artigo 97/6 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais, en relación co art. 56.2 da Lei de Bases de Réxime Local.

Tal e como vimos expoñendo durante esta lexislatura, os colectivos dos nosos maiores e dos nosos nenos, merecennos especial importancia a hora de adicarlle tódolos esforzos e recursos posibles dende o Concello, para evitar calquera carencia que poidan sufrir.



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

Desde hai anos o Colexio de As Covas- Meaño, en distintos momento e a través dos distintos órganos que compoñen a comunidade educativa do colexio, como son Equipo Directivo, Consello Escolar e ANPAs, veuse demandando ó Concello, o servizo de CONSERXE para as súas instalacións, demanda que por distintos motivos NON foi considerada como primordial e NON se chegou a atender.

Este ano o número de nenos está en 170, e o plantel de mestres viuse minorado de maneira importante, 4 persoas menos por diversas circunstancias, (2 mestres, 1 enfermeira e 1 coidadora), véndose afectada toda a Comunidade Educativa do Centro, xa que non resulta posible atender certas tarefas cotiás como atender o teléfono, recoller ou deixar @s nen@s para visitas médicas, aperturas e peche do colexio, etc

A demanda do CONSERXE xa foi trasladada á alcaldesa para este curso polo equipo Directivo do Centro, tendo a negativa por resposta, e tamén tratado na Asamblea da ANPA para dar traslado da mesma petición. O asunto ademáis xa trascendeu a prensa e resulta que o Colexio de Meaño é un dos poucos da Comarca que carece de Conserxe, incluso algún con menos de 100 alumnos xa o teñen.

Estamos convencidos da necesidade de cubrir este posto, e entendemos coma obriga por parte do Concello, inicie os trámites para que de maneira inmediata incorpore un CONSERXE no Colexio AS Covas, **cumprindo co que dí a Lei respecto e que se deben poñer tódolos medios necesarios para a prestación da educación obrigatoria os nosos nen@s**

Por todo isto,

ROGAMOS: Que por parte desta Alcaldía se proceda a incorporar e cubrir o posto de CONSERXE no Colexio As Covas –Meaño, ben a conta do propio Concello, tal e como está a acontecer na maioría dos colexios da comarca, ou ben a conta da Consellería de Educación da Xunta de Galicia, para o que vostedes, e en concreto a alcaldesa deberá poñerse o fronte desta reivindicación de toda a Comunidade Educativa de Meaño, e da que ata agora NON está a mostrar interés algún

Engade a Sra. García Fernández que dado que neste curso hai menos profesionais se debería ter en conta esta demanda do equipo directivo e da ANPA.

Contesta a Sra. alcaldesa que ao Concello si lle preocupa o tema e así llo transmitiu ao director do centro, puntualizando que o Concello asume puntualmente as obrigas que lle ten asignadas a lexislación vixente e que abrangue a limpeza, a enerxía eléctrica e o mantemento, que abrangue o mantemento cotiá cun empregado que acude un día por semá fixo e algún día máis cando xurde algunha necesidade e no verán se realiza un mantemento integral, non obstante trasladouselle unha consulta á xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a vista da resposta tomaranse decisións, que se trasladaran á directiva e ANPA. En calquera caso como aclaración este centro non é un dos poucos da comarca que non contan con conserxe hai moitos que non dispoñen del.

Toma a palabra o Sr. Radío Oubiña, que sinala que si en Dena se ten un operario que fai funcións de conserxe porque non se fai o mesmo en Meaño sobre todo cando hai menos profesionais.



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

Contesta a Sra. alcaldesa, que entenden que non lle corresponde ao Concello dotar ao centro dunha persoa para atender o teléfono e outras tarefas administrativas porque se considera que non entra nas tarefas que lle corresponden ao Concello. En canto a menos profesionais ven dado porque suprimiron unha aula porque hai neno/as matriculados/as polo que diminuíron os docentes e canto aos outros/as profesionais xa non asiste ao centro unha nena que requiría coidados especiais.

Toma a palabra o Sr. Ásperez Montes, quen sinala que por un lado lle alegra si se está ocupando do tema e por outro copiemos de quen ten máis servizos non menos. Engade que cree que é unha necesidade e se plantexou e que debe ser o Concello quen encabece esta reivindicación e busque unha solución a esta reivindicación ben solicitando á Consellería ben sendo o Concello quen o asuma en cumprimento das súas funcións.

* Sr. Radío Oubiña:

1. Ten pensado realizar algunha obra de mellora da Fonte dos Campiños en Outeiro? Como debe saber, a fonte está nunhas pésimas condicións e é unha das máis usadas polos veciños de Cobas, polo que se require unha humanización urxente da zona.
2. Por qué motivo están tan elevadas respecto do solo as arquetas nos Seixiños?
3. Qué novas nos poden decir sobre a praza pública de Dena? Hai negociacións con propietarios de terreos?
4. En qué estado están as negociacións con Fenosa para a retirada dos postes da luz? Cales se están negociando a día de hoxe?
5. Pensou algunha solución para o problema de capacidade dos contenedores do centro de Dena?
6. En qué estado están as mocións presentadas polo grupo socialistas que foron aprobadas en pleno? (*Punto limpo, tenencia e protección de animais..*)
7. Cando se vai rematar a obra da nova rúa en Cobas? Cando vamos ter unha rotonda que non sexa de plástico?
8. Ten pensado asfaltar o camiño da Manzaniña en Cobas?
9. Cando van realizar as obras da fonte de San Xoan? Nesas obras tense pensado canalizar a auga da fonte para que dea servizo aos veciños de Meaño? Por qué se esperou tanto para aprobar o proxecto?
10. En qué estado están as negociacións para a tala de determinandos árbores para que o Mirador de San Cibrán sexa de novo un "mirador"?
11. Hai un ano un veciño fixo unha reclamación por un dano sufrido nun vehículo nun camiño de Padrenda a Castrelo. Este grupo político plantexou a necesidade de ampliar ese tramo de camiño e respondeuse que esta ampliación non corría presa.
12. Quen é o responsable da obra realizada fronte a Inoxidables Dena porque quedou unha parte sen canalizar.

* Sra. García Fernández:



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tif: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

1. Podería explicarnos as seguintes dudas sobre as Resolucións de Alcaldía?:
 - 1.1. O 28 de setembro aprobouse unha resolución para mellorar a iluminación de San Benito en Lores. A qué melloras se refiren?
 - 1.2 Qué parques infantís van estar beneficiados das melloras e reparacións, (25.09.17)?
2. Para qué se necesitou contratar a unha avogada (05.09.17) ?

ROGOS:

1. Revisen as zonas do concello que aínda non dispoñen de Tablóns de anuncios e instálenos, como por exemplo no Outeiro ou na igrexa de Dena.
3. É necesario mellorar a visibilidade na saída do Punto Limpio e na saída do cemiterio de Meaño.
4. Solicitamos que se limpen máis a miúdo os contenedores do lixo. En algunhas zonas do concello desprenden un cheiro insoportable.
5. Fai meses que se comprometeu a remitirnos copia do informe do pontón de Ganón, xa comezaron as obras e o noso grupo aínda non recibiu ese informe. Parece que a súa palabra non é moi de fiar. Parece increíble que unha obra da envergadura que se está a producir en Abuín quede sen control ningún por parte do Concello e que teñan que ser os propios veciños os que vixíen que se deixa os suficientes metros para o ancho da carretera.
E aínda por enriba estase abrindo unha carretera por detrás de ditos chalés pola que non caben dous coches. Póñase as pilas e comece a revisar esa obra, obrigue a que se respecte a lei.
7. Alegrámonos de que se vaian realizando as obras que algún día solicitamos este grupo. Aínda que nun principio se contara coa súa negativa, e votase en contra de toda moción que tivese que ver coa mellora de Meaño, ao final sempre acaba tendo en conta as nosas solicitudes. Como por exemplo a humanización da área recreativa de Cobas ou a reforma da Ponte de Ganón, entre outras. Está ben que a alcaldía se alimente de propostas socialistas e nos teña en conta.

Contesta a Sra. alcaldesa:

- En relación coa Fonte dos Campiños, que está previsto poñerlle unha fachada e acondionala.
- Polo que respecta ás arquetas de Seixiños mirárase.
- Estase a tramitar o expediente para a adquisición dos terreos e pendentes de que unha das propietarias achegue documentación.
- En canto aos postes do tendido eléctrico, está solicitada a retirada; concretamente a semana pasada solicitouse a retirada de dous postes, un en Paradela e outro en Quintáns e acaban de trasladar un na praza dos Agros e hai catro aprobados.
- Estase a traballar nos dous regulamentos.
- En relación coa á estrada nova de Cobas, fixéronse varias peticións á Deputación e a última resposta é que están a elaborar o proxecto.
- A reparación da fonte de S. Xoan está incluída nun proxecto solicitado ao abeiro do Plan Concello 2017 e o retraso na aprobación do proxecto debeuse a que inclúe actuacións que requiren autorizacións; a cuestión que sinala e que cando escasea a auga



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tif: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemearno@concellodemearno.com · Web: www.concellodemearno.com

non acada o nivel e sae por debaixo do picho, polo que se procederá a desmontar e a selar.

- Unha persoa está traballando para acadar a tala dos árbores que lle afectan ao Mirador de San Cibrán pero si as árbores non están afectados pola lei de montes e a lei de prevención e defensa contra os incendios forestais é difícil conseguir que os veciños talen por acadar vistas.

- A ampliación do camiño da Barroca de momento non está contemplado.

- En canto ao sinalado de que en As Cachizas, hai unha parte sen canalizar, haberá que comprobalo.

- A mellora da iluminación en S. Benito-Lores refírese a dotar de nova iluminación o acceso á capela de S. Benito.

- Son os parques incluídos no Plan Concellos 2017 da praza do concello, do CEIP As Covas, campo de festas de Lores, Paradela, Seixiños, detrás do centro médico de Dena, alamenda de Dena, CEIP de Dena, Alargo de Dena e Igrexa de Simes.

- Contratouse a intervención letrada no procedemento interposto por Raúl Domínguez Conde contra o acordo do Pleno do 12 de xuño polo que se acorda recuperar o camino de acceso á fonte e lavadoiro de Laxe.

Conclúe a Sra. alcaldesa sinalando que os rogos quedan recollidos e engade que o grupo de goberno está a executar o seu programa político non porque o diga o grupo do PSdeG-PSOE, axa que a obra da humanización da área de Cobas estaba contemplada no programa electoral do grupo de goberno.

Antes de cederlle a palabra aos membros do Grupo Municipal MI a Sra. alcaldesa maniféstalles que vai a proceder a responder a pregunta formulada polo voceiro deste grupo de si quedou algún solicitante de ingreso na Escola Municipal de Música fora por falta de prazas; sinalando que solicitantes do Concello non quedou ningún dos presentados en prazo de matrícula e de fora do termo municipal quedou algún por falta de praza na disciplina solicitada ou por formular a solicitude fora de prazo.

* Sr. Varela Budelo:

- Muiño da Besada en Simes púsose unha barandilla pero quedou o que é a ponte e o río sen barandilla.

Contesta a Sra. alcaldesa que está sen rematar porque a parte que está feita foi realizada por unha escola obradoiro da Mancomunidade que tivo unha duración de seis meses que non dou para rematar a intervención que se pretende realizar.

- A rotonda que se fixo para acceder ao campo de fútbol de Meaño tal e donde está é un perigo porque está situada á saída dunha curva sen visibilidade. Si se houbera trasladado uns vinte metros hacía Simes fariase máis visible e a baixada de acceso ao campo de fútbol tería menos pendente. O muro tiña que seguir ata a baixada e o escaleirado habelo feito pegado á baixada e quedar ese espazo para aparcadorio.

Contesta a Sra. alcaldesa en que coincide en que se pode gañar terreo, para o que se fará un muro ata atrás para gañar espazo e en liña cos setos do punto limpo pero considera que a rotonda está na ubicación ideal xa que a función principal e de dar entrada ao campo de fútbol.



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

* Sr. Ásperez Montes, pregunta si non se contempla a construción de gradas e a ampliación dos vestiarios.

Contesta a Sra. alcaldesa que proxecto que se está a executar non.

* Sr. Varela Budelo:

- Os postes o tendido eléctrico estanse a sacar e estanse a colocar outros, así no iglesario de Padrenda estase a poñer un poste na cuneta, que o poñan na finca da igrexa. O mesmo sucede en Meaño.

- Na sesión do Pleno de xuño díxose que e ía a vixiar que as obras no vial de Abuín cumpriran a aliñación e teñen que ser os veciños os que están pendentes.

- Non hai elaborado un anteproxecto para a praza de Dena, a canto vai. E si non se pode adquirir os terreos.

- Van ala máis de dous anos e medio e a estrada de Cobas sigue así sen rematar.

- O camiño de Piñas precisa unha capa de rodadura, igual que o de Axís e Sifón.

* Sr. Ásperez Montes:

- O campo de fútbol de Meaño debería ser unha obra para presumir despois de gastar quinientos mil euros.

- Prego que nos dean libre acceso ás resolucións da Alcaldía porque é difícil que desde o mércores que se convoca o Pleno ata o luns non se poden consultar as resolucións e os asuntos do Pleno.

- Cal foi o custo da festa dos muíños.

- Qué obras de mantemento se fixeron nos colexios durante o verán.

- En agosto a Deputación de Pontevedra sacou unha liña de subvencións, qué solicitou este Concello ou perdeuna

- En MercaDena, qué criterio se seguiu para colocar o contenedor na porta, sen estética e con pouco sentido.

- Retomar a concentración parcelaria ante o anuncio da Xunta dunha bonificación no imposto de transmisións para as transmisións para agrupación das fincas rústicas.

- Qué destino tivo o céspede que se retirou do campo de fútbol de Meaño porque pode considerar reutilizalo no CEIP de As Covas Meaño.

- Cal é a situación actual do pavillón de Xil.

Contesta a Sra. alcaldesa:

- Da festa dos muíños están pagadas as facturas que chegaron e queda algunha pendente.

- No CEIP As COVAS, pintouse o edificio novo, pasillos dos dous edificios, preparouse a aula de psicomotricidade, cambiaronse portas, preparouse unha base para colocar un barco no exterior. No CEIP Coirón colocáronse tuberías novas en baños, pintáronse aulas, cambiouse o piso de dirección. A través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria rematouse a substitución da carpintería exterior no CEIP Dena e no CEIP Meaño o falso teito.

- A liña de subvención convocada pola Deputación Provincial en agosto establecía unhas condicións moi restritivas, como o importe mínimo do proxecto que tiña que acadar o importe da liña de investimentos do Plan Concello 2017 e o prazo e o Concello non tiña previsto ningún proxecto que reunise as condicións esixibles.





CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemearno@concellodemearno.com · Web: www.concellodemearno.com

- En canto ao contenedor que se colocou na praza de Dena, na última reunión mantida cos praceiros falouse do cartón que non podía estar depositado de calquera xeito nas instalacións da praza polo que se buscou unha solución aínda que está de acordo que o sitio donde se situou o contenedor non é o máis axeitado faránselle uns retoques.

- En canto ao vial de Abuín, o Concello está pendente; cedéndolle a palabra ao Sr. Gondar Pintos quen sinala que os veciños alertaron sobre a colocación dun bordillo que efectivamente non se estaba colocando ben pero unha vez advertida a promotora foi solucionado de inmediato, xa que se tratou dun mal entendido entre o arquitecto da promotora e a empresa que o estaba executando.

- Foi resolto o contrato coa empresa adxudicataria e pendentes de que a Deputación aprobe a subvención para o novo proxecto presentado.

E ao non haber máis asuntos que tratar pola Presidencia levántase a sesión ás vinte e unha horas e trinta e oito minutos, estendéndose a presente acta que certifico, co visto e praxe da Sra. alcaldesa.

N.I.F.: P-36.02700-A - Reg. E.L.: 01360274 - Nº RELGA: MU 2000 / 40



Vº e Praxe
A alcaldesa

Asdo. M^a Lourdes Ucha Varela

